

Grupo 152. E00

Martinez Rey, Patricia 152.E01

Riveiro Collazo, Paula 152.E02

Rodríguez Suárez, Melissa 152.E03

Salgado Barbosa, Noelia 152.E04

Villamarín Alonso, María Isabel 152.E05

MEMORIA DO GRUPO DE TRABALLO

1. Explicación de Grupo

1.1. Resumo do Traballo do GT

En pleno século XXI os prexuízos cara a muller labrega aínda seguen vixentes na nosa sociedade, polo que nos centramos na imaxe que os medios transmiten das protagonistas, xa que estes marcan uns roles predeterminados.

O noso obxectivo foi analizar as desigualdades que se producen no medios entre o home e a muller labrega nos medios e descubrir que realmente son capaces de realizar o mesmo traballo ca eles.

As actividades que finalmente realizamos foi a documentación e análise de publicacións en revistas e xornais especializados no campo; contacto con fontes achegadas.

Palabras clave que empregamos: muller, campo, medios, comunicación, labrega, transmitir, información.

1.2. Resumo sobre a organización de grupo diante do traballo

Para conseguir os obxectivos decidimos repartirnos o traballo do seguinte xeito:

- Coordinadora do traballo: Noelia Salgado Barbosa
- Voceira: Paula Riveiro Collazo
- Realización de entrevistas: María Isabel Villamarín Alonso, Noelia Salgado Barbosa, Paula Riveiro.
- Análise nos medios audiovisuais do perfil da muller labrega: Mabel Villamarín, Patricia Martínez Rey, Noelia Salgado .
- Análise do perfil da muller en revistas agrarias e xornais: Noelia Salgado, Melissa Rodríguez.
- Análise de traballos sobre o tema: Paula Riveiro Collazo.
- Contacto co Sindicato Labrego: Patricia Martínez.

Cada semana reuniámonos para contrastar a información recadada e pasabámoslle o conseguido as persoas que tiña que publicar esa semana.

Ademais tamén realizabamos outra quedada nas semanas que tiñamos que realizar un post grupal ou tiñamos que quedar co Sindicato co Labrego. Como queríamos ver o tratamento nos diferentes medios repartímonos os medios audiovisuais e escritos acerca do agro.

As técnicas empregadas foron entrevistas a expertos no tema, revisión de traballos, análise de programas, revistas e prensa especializada no campo. Ademais do permanente contacto co Sindicato Labrego: chamadas e asistencia xa que queríamos saber de preto como eles traballaban e se comunicaban de cerca para darlle voz ao campo e ao mesmo tempo saber como facían as nosas protagonistas para poñerse en contacto con eles e viceversa.

O atranco máis salientable para facer o traballo é a falta de atención que nos prestaban ás veces por tratarse dun traballo para unha materia e por ser alumnas, en lugar de ser profesionais. Ademais neste último mes como estamos en mes de colleita as mulleres labregas estaban moi ocupadas e era custoso conseguir unha entrevista con elas.

Distribución do tempo:

- En primeiro lugar levamos a cabo unha documentación sobre o tema que escollemos para ver se contabamos con fontes en Santiago, se había traballos feitos acerca disto e se había algunha institución que nos puidese axudar neste campo. Isto levounos arredor de cinco, sete días.
- A continuación comezamos a falar con fontes do Sindicato Labrego, principalmente do eido dedicado á muller, mulleres labregas de Santiago e da zona que vivimos, así como outras que traballan en mercados. Todas as semanas contactabamos con varias fontes para realizar os post.
- En traballos de campo ocuparíamos uns sete días, como por exemplo ir ao mercado ou quedar co persoal do sindicato.
- análise dos medios sumaría uns sete días.
- Redacción e compaxinación final: catro días.

1.3. Rexistro- itinerario de accións emprendidas.

21 abril. Todos os compoñentes do grupo: asistencia ao mercado '*Entre lusco e fusco*'.

17 abril. VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05: análise dunha noticia publicada en *La Voz de Galicia* na cal se entrevista a varios empresarios que empezaron no mundo da agricultura ecolóxica como nova saída profesional.

15 abril. SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04: análise do mercado '*Entre lusco e fusco*'.

13 abril. RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03: análise da revista agraria *Campo y mecánica*.

9 abril. RIVEIRO COLLAZO, PAULA 152.E02: entrevista a Josefina Lorenzo, muller do rural que traballou no campo toda a súa vida, pero nunca o fixo de maneira remunerada ou a través dunha empresa.

7 abril. MARTÍNEZ REY, PATRICIA 152.E01: análise do proxecto '*Despensa Feminina*' da comarca de Compostela e o Sar. Chamada telefónica a Isabel Vilalba para conversar sobre este proxecto.

27 marzo. VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05: entrevista a Carmen Rodríguez, muller labrega asalariada.

25 marzo. SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04: análise do programa *Agrosfera*, un espazo de RTVE.

23 marzo. RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03: análise da revista agraria *Aterra*.

19 marzo. RIVEIRO COLLAZO, PAULA 152.E02: análise da revista agraria *ACRUGA*.

17 marzo. MARTÍNEZ REY, PATRICIA 152.E01: análise do programa agrario *Cos pés na terra*.

13 marzo. VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05: análise do programa agrario *A labranza*.

12 marzo. Todos os compoñentes do grupo: coloquio con Isabel Vilaba, secretaria xeral do Sindicato Labrego para falar das estratexias comunicativas, tanto entre os compañeiros do traballo como coa xente externa á que axudan.

11 marzo. SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04: análise do programa agrario *O agro*, un microespazo da TVG.

3 marzo. MARTÍNEZ REY, PATRICIA 152.E01: entrevista a Maricarmen Alonso, muller labrega asalariada.

27 febreiro. VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05: análise dunha noticia de *La Voz de Galicia* que recolle información sobre mulleres emprendedoras que decidiron facer do campo e da comida ecolóxica o seu negocio e o seu estilo de vida.

25 febreiro. SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04: análise do xornal agrario *Fouce*.

25 febreiro. SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04: entrevista a Xosé García Rodríguez, director e xornalista de *Fouce*.

23 febreiro. RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03: investigación sobre a problemática da muller labrega en pleno século XXI.

1.4. Pequeno test ao traballo

1.4.1. Estimación sobre os procedementos levados a cabo

Para levar a cabo o noso traballo, estivemos moi en contacto co Sindicato Labrego Galego. Coa persoa que máis conversamos foi con Isabel Vilalba, a secretaria xeral deste sindicato, pero outros traballadores desta agrupación tamén gastaron uns minutos do seu tempo en nos. Consideramos que estes encontros foron moi frutuoso para a tarefa que tiñamos entre mans porque eran uns verdadeiros entendidos do tema. Por outra banda, das entrevistas a mulleres labregas tamén obtivemos unha información moi útil, pois a súa opinión era para o noso traballo algo fundamental. Finalmente, cremos que os métodos escollidos para analizar os programas e as revistas agrarias foron os máis axeitados para así sacar a máxima información posible.

1.4.2. Estimación sobre o seguimento e fases do tema nos post

O noso grupo, dende o primeiro momento organizou un esquema a seguir durante todo o cuadrimestre. Logo, dependendo da dispoñibilidade dos traballadores do Sindicato e das mulleres labregas, fomos centrándonos primeiramente nuns apartados e logo noutros. Pero por exemplo, cando comezamos coa análise de revistas agrarias, centrámonos nese apartado até rematalo. No referido aos compañeiros, pensamos que o noso tema foi dende o primeiro post moi seguido, debido a que é un asunto moi presente na sociedade.

1.4.3. Estimación sobre a vinculación do tema cos temas e conceptos vistos na aula

O noso traballo sobre a muller rural/ labrega nos medios de comunicación estivo vinculado aos temas e conceptos tratados na aula.

En primeiro lugar puidemos comprobar como inflúe o concepto de comunicación neste ámbito a través do noso aval, o Sindicato Labrego, xa que no seu traballo diario é moi importante a comunicación tanto con mulleres rurais como cos membros do propio Sindicato. Outro concepto importante que puidemos ver no noso traballo é o de comunidade. As mulleres labregas coas que nos traballamos forman un tipo de comunidade que poderíamos denominar como 'comuna', xa que fan unha vida e teñen uns intereses comúns.

Este traballo tamén nos valeu para comprobar como se forma unha rede, un lazo interpersoal, entre o propio sindicato e nós para a realización desta investigación. Unha rede que nos permite chegar a fontes de primeira man para o análise exhaustivo do tema.

1.4.4. Resultados e/ou procesos acadados polo grupo

Ao longo do noso traballo puidemos comprobar de primeira man como é a situación da muller labrega no ámbito galego. Contar coa axuda do Sindicato Labrego foi esencial pois compartiron con nós proxectos, testemuñas, actividades que eles mesmos levan a cabo. Foi interesante ver que o propio Sindicato non soamente se ocupa de aspectos administrativos senón que tamén axudan a estas mulleres noutros ámbitos da vida, problemas persoais etc.

Segundo nos comenta Isabel Vilalba, Secretaria do Sindicato Labrego Galego, entre eles danse unha serie de vínculos. Comprobamos como son as relacións que se dan entre os traballadores do Sindicato e tamén coas propias mulleres labregas. Segundo nos comenta, eles apostan por unha comunicación horizontal, non vertical, evitando o máis posible que exista unha xerarquía. Polo tanto, traballar co Sindicato serviunos para comprobar cal é a situación destas mulleres, a comunicación que se da entre elas e os traballadores e estudar á fondo os seus vínculos.

Ademais do contacto de primeira man que mantivemos, estudamos e analizamos, pola nosa conta, programas de televisión, revistas agrarias... para comprobar cal é o papel que xoga a muller nos medios de comunicación, como é vista. Con todo, podemos concluír que a muller labrega non conta coa visibilidade en igualdade co home, aínda que si aparecen nos medios, o home ten máis presenza, sobre todo nas publicacións agrarias. Como actividade visitamos o Mercado Lusco e Fusco onde puidemos observar o traballo dalgunha muller labrega. O número de postos non era moi abundante pero si había algún levado por mulleres sobre agricultura ecolóxica.

Podemos concluír que o noso traballo resultou moi interesante para comprobar como é a situación deste tipo de mulleres, falar con elas e manter un contacto directo co Sindicato axudounos moito a estudar e analizar os aspectos tratados no traballo.

1.5. Materiais

1.5.1. Bibliografía e referencias consultadas

ACRUGA (2014, decembro). "Paloma Ramos e Balbino Fernández. A rubia galega no corazón de Navia de Suarna". *Acruga*, (61), p.21.

Desta revista agraria, ademais de analizar o que é a revista en si, centrámonos neste artigo que trata dunha explotación gandeira rexentada por unha muller e que nos foi útil para facer unha análise do seu papel no sector.

Casanova, J. (2011, 25 de abril). "Adictas al sacho". *La Voz de Galicia*. Recuperado de:

http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2011/04/25/0003_201104G25P5991.htm

Noticia que profundiza na comida ecolóxica, unha nova maneira de visibilización para as mulleres rurais e labregas que se están facendo un oconeste sector e están abrindo negocios de maneira emprendedora

Castro, Camilo (produt.). *Agrosfera* [programa de televisión]. RTVE. Recuperado de: <http://www.rtve.es/alaharta/videos/agrosfera/agrosfera-07-03-15/3031146/>

A partir deste programa analizamos cal era o tratamento que lle concedían a muller neste espazo televisivo dedicado ao campo e a toda a actualidade sobre o desenvolvemento sostible, proxectos, axudas, subvencións e colleitas. Ademais inclúen rutas turísticas e recomendacións de especialidades culinarias.

Cruz, Manuel. (2015). *A labranza* [programa de televisión]. CRTVG.

Programa que nos parece de interese xauqe toca temas relacionados coa agricultura, polo que lle podíamos sacar partido á hora de falar da presenza da muller rural neste programa así como a súa participación neste tipo de información.

Dirección General de Desarrollo Sostenible del Medio Rural. "Buenas prácticas en desarrollo rural e igualdad". *Ministerio de agricultura, alimentación y medio ambiente*. Recuperado de: http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad_genero_y_des_sostenible/Buenas_pr%C3%A1cticas_en_Desarrollo_Rural_e_Igualdad_tcm7-174047.pdf

Este documento tamén nos serviu para introducir o tema do noso traballo, pois parte de que o impacto que a discriminación contra as mulleres ten no medio rural é moito máis acusado que no medio urbano.

Eirado, Andaime (grupos creadores). *Mercado entre lusco e fusco*. [Blog páxina]. Recuperado de: <http://mercadoentreluscoefusco.blogaliza.org/>

Este blog sobre o mercado proporcionounos información acerca dos produtos que se vendían neste lugar, cando se facía, quen participaba e como se levou a cabo. A partir desta documentación visitámolo lugar dos feitos.

Fernández, F. (2015, 13 de abril). "El nicho de la agricultura ecológica". *La Voz de Galicia*. Recuperado de: http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/agro/2015/04/12/nicho-agricultura-ecologica/0003_201504G12P40995.htm

Noticia que utilizamos para recalcar o papel da muller no mundo labrego, como nova iniciativa de traballo e como unha saída diferente se deixa de lado o mundo dos estudos. Unha nova maneira de comprender e completar unha realidade cambiante onde o papel da agricultora está adquirindo un novo rol.

Fernandez, Julio (produt.). (2015). *Cos pés na terra*. [programa de televisión]. CRTVG. Recuperado de: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/alberto-gandeiro-en-aranga-pilar-feliz-coas-sua-terras-david-canteiro>

Neste programa analizado puidemos observar a presenza a da muller no rural. Este tipo de programas axudan a mostrar o día a día das persoas que se dedican a este mundo. Neste caso analizamos este programa centrándonos máis ben na figura dunha muller rural, Pilar, e compartimos cos nosos compañeiros a súa historia no blog.

IMIO. “Instituto de la mujer y para la igualdad de oportunidades”. *Ministerio de sanidade, recursos sociais e igualdade*. Recuperado de: <http://www.inmujer.gob.es/>

A páxina do Instituto da muller empregámola para documentarnos no ámbito das iguais e oportunidades. Ao igual ca o resto das páxinas que se atopan en relación servíronnos para contextualizar o panorama actual da muller.

LABREGXS de GALIZA. “Concentración de labregas do SLG diante do Parlamento de Galicia”. [video]. *Youtube*. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=1WyUsX5VFnA>

Vídeo que mostra ó noso aval loitando polos dereitos das mulleres e defendendo os como algo imprescindible e inalienable.

Martínez, Germán (eds.): *Campo y mecánica*, Madrid, John Deere Ibérica, xuño 2014.

Desta revista agraria analizamos a reportaxe titulada “Imaxe da agricultura” onde se respondía a estas dúas preguntas entre outras: é realmente tan negativa como se adoita mostrar nos medios de comunicación?, que factores inflúen nesta imaxe?. Tamén limos con atención a entrevista a Jim Evans, especialista americano en comunicación agrícola.

Rodríguez, José (coord.): *A terra*, Santiago de Compostela, Unións Agrarias-UPA, setembro-outubro 2011, nº 41.

Revisamos as 50 páxinas que compoñen esta revista agraria, pero prestamos especial atención ao apartado de FADEMUR (Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia), único apartado en toda revista no que se lle daba voz ás mulleres labregas.

Rodríguez, José (coord.): *A terra*, Santiago de Compostela, Unións Agrarias-UPA, nº 53.

Nestoutro número da revista *A terra*, fixémonos na noticia da intervención de Roberto García na Comisión Parlamentaria sobre a Nova Lei do Solo de Galicia. De novo, tamén analizamos o apartado de FADEMUR.

Rodríguez, Xosé (director). *Fouce*, xaneiro- febrero 2014, nº300.

Neste xornal aparecía publicada a historia do xornal que permitiu documentarnos sobre a historia de Fouce para poder facerlle unha entrevista ao seu director. Este xornal naceu en febreiro de 1973 na clandestinidade como unha denuncia do rural. Na actualidade é publicado coa axuda do Consello Editorial do Sindicato Labrego.

Sindicato Labrego Galego (2008). *Sindicato Labrego galego. Comisións labregas*. Recuperado de: <http://www.sindicatolabrego.com/>.

A páxina do Sindicato foinos moi útil dende un primeiro momento para poder contactar con eles e que nos proporcionasen a información que solicitamos para o desenvolvemento do traballo.

Sindicato Labrego Galego. “Aproximación á realidade das mulleres labregas galegas no século XXI”. *Sindicato Labrego Galego. Comisións Labregas*. Recuperado de: <http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/estudo14%5B1%5D.pdf>

Este documento serviunos para introducir o noso traballo, pois nel explícase a situación de inferioridade na que se atopa a muller labrega fronte ao home.

TVG. *O Agro* [programa de televisión]. RTVG. Recuperado de: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/plantas-ecoloxicas-e-comestibles-para-cultivar-dentro-da-casa>

Microespazo da TVG que en tan só uns minutos ponnos ao día sobre o mundo agrario así como as últimas cotizacións dos mercados galegos de gando. Analizamos nel o papel que se lle concede á muller labrega.

Xunta de Galicia. “Secretaría xeral de igualdade. Mujeres en Galicia”. *Vicepresidencia e consellería de presidencia, administración públicas e xustiza. Secretaría xeral de igualdade*. Recuperado de: <http://igualdade.xunta.es/es>

Para adentarnos de cheo no ámbito da muller empregamos páxinas web como a da Secretaría Xeral de Igualdade para contextualizar o noso traballo e coñecer certos aspectos en relación co mundo da muller.

1.5.2. Enlaces recabados comentados

De todos os enlaces que recabamos no blog o primeiro que cabe destacar é o da páxina ao Sindicato labrego Galego: <http://www.sindicatolabrego.com/>. O Sindicato Labrego Galego foi o noso aval e a súa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, foi unha gran axuda para o desenvolvemento desta actividade. Neste enlace pódense atopar moitas novidades sobre o mundo labrego e rural, ademáis conta cunha sección específica para a muller, a Secretaría da Muller, e tamén un xornal agrario, O Fouce (ao que se pode acceder co seguinte enlace tamén recabado no blog <http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=18>).

O seguinte enlace que destacamos nesta memoria é a un vídeo de Youtube (<https://youtu.be/1WYUsX5VFnA>) no que Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG, fala do descontento das mulleres labregas ante a problemática das explotacións agrarias. No vídeo tamén se lle da voz a outras mulleres que falan de temas de moita importancia para o noso traballo como a inferioridade que ten a muller con respecto ao home, a pouca remuneración que a muller ten no sector, os elevados custos de produción ou as repercusións que ten, na vida das propias mulleres, o empobrecemento do campo.

Outro enlace importante é o de unha noticia publicada en *La Voz de Galicia* (http://www.lavozdegalicia.es/galicia/2011/04/25/0003_201104G25P5991.htm) titulado “Adictas al sacho” e que recolle información sobre mulleres emprendedoras que fixeron do campo o seu negocio. Esta noticia trata un tema moi importante no desenvolvemento do noso traballo, a historia de mulleres que viven do traballo no campo. Unhas mulleres emprendedoras que fixeron da súa vida un negocio e viceversa, rompendo co preconceito da inferioridade da muller no sector.

Outra noticia importante tamén e recollida nun dos nosos post é esta outra, tamén de *La Voz de Galicia* (http://www.lavozdegalicia.es/noticia/agro/2015/04/12/nicho-agricultura-ecologica/0003_201504G12P40995.htm) titulada “El nicho de la agricultura ecológica” e que recolle a entrevista de varias mulleres emprendedoras, entre elas Judith García Andrade, unha moza coruñesa que deixou os estudos para dedicarse á agricultura ecolóxica, unha decisión que non estamos acostumbrados a ver hoxe en día xa que cada vez son menos os mozos que deciden traballar no campo.

Nos nosos post foron tamén importantes os enlaces que recollemos de programas e revistas agrarias e que fomos analizando un por un para ver cal era o tratamento da muller nos medios de comunicación vinculados co sector agrario, chegando á conclusión de que a figura feminina aparece en contadas ocasións nestes medios.

1.5.3. Axenda de contactos

A axenda de contactos empregada ao longo de todo o traballo foi a seguinte:

- Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego. Orientounos na escolla de contidos para realizar o traballo e tamén nos aportou información sobre o propio sindicato (a súa maneira de traballar, as súas funcións...), sobre a situación da muller labrega e tamén sobre algúns dos proxectos cos cales traballan e levan o cabo.
- Josefina Lorenzo: muller rural e labrega. Concedeunos unha entrevista na que nos dou información de como é o día a día no campo dunha muller.
- María del Carmen Alonso Martínez, muller labrega. Ela contou as súas impresións sobre o mundo rural e como vía o papel da muller dentro de este ámbito. Foi unha conversa moi distendida na que explicou de maneira moi sinxela como ela vía a situación, moi normal para ela, pois toda a vida traballou no mesmo sector. As impresións foron positivas, pois en todo momento ela intentaba turrar polo tema e facelo visible.
- Carmen Rodríguez, outra asalariada neste sector que tamén nos comentou como ela vía a situación da muller rural. Neste encontro sorprendeunos a clave de humor coa cal ela trata o tema do machismo, pois comentou que retaba a todos os homes a que competisen con ela para ver se de verdade había esas desigualdades das cales falan. Ela cría que os medios de comunicación si lle dan o papel que se merece a muller. Ambas as dúas entrevistas permitíronnos coñecer unha realidade dende máis preto e profundar en certos aspectos que de outro xeito quedarían invisibilizados.
- Xosé García Rodríguez, director do xornal Fouce. O Sindicato Labrego de Galicia é un afiliado a este xornal e quixemos saber máis a fondo como se creou e cales eran os seus obxectivos. Foi fundado en 1973 e na actualidade Xosé García é o único encargado do súa redacción, deseño e maquetación dende o seu domicilio. Só conta con algunhas colaboracións e non ten ningunha axuda estatal. O seu obxectivo é mostrar as inxerencias do rural galego. Xosé García mostrounos unha publicación que realmente se preocupa polo rural sen desvirtuar o papel da muller labrega. Ademais deunos unha lección de como unha soa persona é capaz de crear unha publicación mensual.

1.5.4. Ficha de espazos

O encontro coas diferentes persoas, ben fora en persoa ou logo a través de teléfono, cremos que sempre nos axudaron e nos permitiron un maior desenvolvemento do tema. Pensamos ademais, que fomos capaces de establecer un bo *feedback* e unha boa comunicación nos dous sentidos; tanto á hora de explicarnos como á hora de escoitar.

MARTÍNEZ REY, PATRICIA 152.E01

Ao longo do traballo os espazos empregados foron principalmente telefónicos, a través da Secretaria do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba. No post sobre a Despensa Feminina, publicado o día 7 de abril, Isabel aportounos unha serie de declaracións sobre o traballo que leva a cabo este proxecto. Ademais da información que posuíamos en papel, a súa aportación foi esencial para entender en profundidade a finalidade de este propósito. Ela explicou como xurdiu, con que intención, quén son os protagonistas etc. Contar coa axuda do Sindicato Labrego Galego e en especial con Isabel Vilalba foi un aspecto básico do noso traballo, en concreto neste apartado de encontros dentro da temática da muller rural.

RIVEIRO COLLAZO, PAULA 152.E02

- Isabel Vilalba: sempre que falei con ela foi mediante conversa telefónica. Dende a primeira vez que falei con ela, atendeume sempre moi ben e con moito entusiasmo e ganas de colaborar con nós na realización deste traballo. Creo que as súas aportacións foron moi positivas á hora de desenvolver o noso proxecto xa que sempre nos axudou con ideas e aportacións que mais tarde tivemos en conta para a realización dos nosos post.

- Josefina Lorenzo: muller labrega que dedicou e segue dedicando a súa vida ao campo. Veciña próxima a onde eu vivo que me recibiu encantada para contarme a súa experiencia no campo. Unha aportación que considero foi moi útil para facernos entender que as labores do campo non sempre son vistas como un traballo, senón tamén como unha forma de vida.

SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04

- Xosé García Rodríguez, director do xornal Fouce. Contexto: o Sindicato Labrego de Galicia é un afiliado a este xornal e quixemos saber máis a fondo como se creou e cales eran os seus obxectivos. Foi fundado en 1973 e na actualidade Xosé García é o único encargado do súa redacción, deseño e maquetación dende o seu domicilio. Só conta con algunhas colaboracións e non ten ningunha axuda estatal. O seu obxectivo é mostrar as inxerencias do rural galego. Aportación: mostrounos unha publicación que realmente se preocupa polo rural sen desvirtuar o papel da muller labrega. Ademais deunos

unha lección de como unha soa persoa é capaz de crear unha publicación mensual. Entrevista realizada por teléfono

- Beatriz González, labrega de Boqueixón. Contexto: conseguimos o seu contacto a través do Sindicato Labrego. Aportación: mostrounos súa relación co sindicato, cales son as súas inquietudes para poñerse o contacto con esta institución e como ver a figura da muller labrega nos medios. Entrevista realiza por teléfono

- Lara Barros Alfaro, membro SLG Compostela. Contexto: a través do Sindicato Labrego porque é unha membro deste na súa fase central en Santiago de Compostela. Aportación: darnos o contacto con varias mulleres labregas coas que elas traballan. Contacto por teléfono.

VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05

Os meus espazos de encontro coas persoas que me axudaron a desenvolver este traballo son varias, por unha banda está Marícarmen Alonso, coa cal falei en persoa na aldea; penso que un sitio moi adecuado para a actividade que estabamos desenvolvendo pois o contexto axudaba a entender mellor todo o que ela me dicía. O seu punto de vista e as súas declaracións foron importantes para desenvolver o traballo.

Por outra banda falei con Carmen Rodríguez, desta volta tivo que ser por teléfono debido a que s encontraba en horario laboral e non foi posible un cara a cara. Tamén me axudou moito o que ela me dixo, xa que ó contrario de outras mulleres, ela deulle un toque de humor o asunto. Aínda que estivese ó outro lado da liña, deixoume moi presentes as súas impresións sobre o tema o que foi bo; magoa que non puidera ser en persoa.

2. Aportacións individuais

MARTINEZ REY, PATRICIA 152.E01

2.1. Aproveitamento individual do traballo

Ao longo de todo o traballo afondamos profundamente na temática da muller rural. No meu caso en concreto, non coñecía moito este tema polo que adquirín moitos coñecementos que anteriormente me resultaban descoñecidos. O traballo co Sindicato Labrego Galego tamén resultou interesante. Cabe destacar que sempre que necesitara calquera tipo de información ou aclaración para o traballo atendéronme o máis axiña posible. Isabel Vilalba, Secretaria do Sindicato foi a persoa coa que máis contactei, sobre todo para a explicación dalgunhas actividades que realizaban como o caso da Despensa Feminina, ela deume as declaracións oportunas sempre que me foron necesarias. Podo dicir que a realización deste traballo permitíume coñecer moi afondo a vida das mulleres labregas e, non soamente iso, senón que tamén o análise dos medios de comunicación servíronme para comprobar, de primeira man, como son vistas este tipo de mulleres. Levar a cabo este traballo resultoume moi enriquecedor, non soamente a nivel académico senón que noutros aspectos diversos nos que traballamos en grupo e durante este tempo con varias persoas que nos aportaron moitos coñecementos do tema.

Atopei especialmente útil os debates sobre as películas e lecturas realizadas. Poder compartir co resto de compañeiros aspectos a destacar das mesmas ou cousas que nos parecen interesantes foi enriquecedor. Na miña opinión está ben debater co resto de compañeiros sobre estes aspectos xa que aportáronme cousas a destacar das que eu non dera especial importancia. Os debates en si, resultaron interesantes, especialmente pola diversidade de opinións co resto da clase. Un aspecto, que na miña opinión, é interesante visualizar.

2.2. Aportacións individuais

O traballo en grupo resultoume agradable, penso que traballamos ben ao longo do tempo con respecto á temática da muller labrega. Todos os membros do grupo aportamos ideas e iniciativas para levar a cabo e compartir cos nosos compañeiros no blog da materia. No meu caso, realicei análises de programas de televisión onde comprobei a visibilidade da muller rural con respecto ó home e tamén levei a cabo entrevistas con Isabel Vilalba, Secretaria do Sindicato Labrego Galego. Nun deses encontros explicoume algunha das actividades que o Sindicato leva a cabo. É o caso da Despensa Feminina, onde Isabel Vilalba, explicoume, ben afondo, cal era a finalidade deste proxecto e como o levaron o cabo.

2.3. Actividades realizadas

Como xa mencionei, as actividades que levei a cabo no traballo da muller labrega foi o contacto con Isabel Vilalba (entrevistas e encontros) e o análise de programas de televisión ('Cos pes na terra'). Como actividade visitamos o Mercado Lusco e Fusco onde comprobamos que non había moitos postos pero si algún levado por mulleres labregas de produtos ecolóxicos. Dentro do traballo do blog, intentei compartir cos meus compañeiros temas que podían ser do seu interese, que crearan debate ou mesmo que puideran ter algunha relación cos demais traballos grupais. Coa actividade de blog puiden seguir de preto o resto de temas dos meus compañeiros e participar dando a miña opinión e apoiando as súas aportacións.

2.4. Posibles aplicacións no futuro

Na miña opinión, realizar o traballo sobre a temática da muller labrega resultoume moi interesante a nivel de contidos e tamén de relacións interpersoais que puidemos comprobar (mulleres, sindicato...). Penso que si podería levar a cabo un TFG sobre unha temática en relación, quizais máis en concreto cos medios de comunicación, un punto clave e básico sobre a nosa investigación. Como son vistas as mulleres rurais polos medios de comunicación e tamén pola propia sociedade. Penso que é un tema interesante para estudar en profundidade e que tamén estaría ben que fose visibilizado. Ao longo do noso traballo puidemos comprobar que existen moitos prexuízos, non soamente coas mulleres labregas, senón tamén no mundo rural, por iso penso que estaría ben continuar con un traballo sobre esta temática para acercar á sociedade a verdade sobre o mundo rural de Galicia. Mostrar tamén as historias de mulleres labregas que dedican toda a súa vida o campo permite que o resto da xente se conciencie do latoso que é este mundo. Eu, persoalmente, non descarto traballar nun futuro con esta mesma temática.

2.1. Aproveitamento individual do traballo

O traballo que realizamos o meu grupo e mais eu foi sobre a muller rural e labrega nos medios de comunicación.

Aínda que sempre vivín en cidade, o traballo do rural e da aldea sempre estivo moi presente na miña vida grazas a figura dos meus avós, que se dedicaron ao campo toda a súa vida. É por iso que me sinto moi vinculada coa vida do rural e que e gustou coñecer outras opinións e outras experiencias mais que coas que convivín sempre.

Este traballo servíume para coñecer, de primeira man, a realidade da muller labrega no que será o noso futuro traballo. Deixar de un lado os tópicos que se teñen sobre o papel da muller e coñecelos de primeira man. Coñecín un tipo de medios, tanto audiovisuais como en papel, os rurais, que non coñecía antes e que contan con abundante audiencia.

Persoalmente o máis relevante que saco da realización deste traballo é a destreza tanto á hora de buscar información como de contactar coas fontes. Tamén me axudou para perder un pouco a vergonza á hora de contactar con descoñecidos e realizar chamadas por teléfono.

2.2. Aportacións individuais

Durante o transcurso do traballo todas as compañeiras aportamos as nosas ideas e a nosa maneira de ver o tema para darlle un enfoque mellor. Como ben dixen antes eu non vivo no rural, por iso que nese ámbito non puiden aportar tanto como outras compañeiras pero con todo si que teño contacto directo coa vida no campo e os traballos labregos, por iso creo que as miñas aportacións foron tamén positivas para a realización do traballo.

En canto a miña experiencia no traballo do grupo foi positiva. Xa coñecía ás miñas compañeiras e traballara antes con elas, polo que a dinámica de traballo funcionou perfectamente á hora de repartirnos as tarefas a realizar.

Os temas tratados e que formaron parte esencial do nos traballo que foron as entrevistas con mulleres do campo e o análise de medios de comunicación foron decididos entre todas e creo que acertamos ao decantarnos por esas dúas actividades. Na miña opinión o que creo que nos faltou para poder completar este estudo foi facer tamén entrevistas a homes rurais, para saber como ven eles tamén a figura da muller labrega.

2.3. Actividades realizadas

En canto as actividades realizadas para o traballo, sempre participamos todas en todo, pedíndonos consellos e facendo aportacións grupais en todo momento. Non fixemos unha distinción clara de actividades e todas colaboramos e participamos en todo.

Persoalmente realicei tarefas de documentación e contacto coas fontes, sobre todo con Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, o noso aval. Tamén realicei algunha entrevista con mulleres do campo e fixen análise de revistas agrarias.

Asistín xunto coas miñas compañeiras ao mercado *Entre lusco e fusco* para realizar a actividade final da materia.

En canto ao traballo da clase e que non ten que ver co blog, fixen análise das lecturas recomendadas asistindo aos debates con aproveitamento, máis dunhas lecturas que doutras, e tamén realicei as actividades a aula e que facían referencia aos contidos da materia, extraendo en algúns casos ideas para o propio traballo de grupo e tamén para a reflexión persoal.

2.4. Posibles aplicacións no futuro

Este traballo, ao estar relacionado cos medios de comunicación, podería perfectamente seguir desenvolvéndose nun futuro e incluso converterse nun futuro traballo de fin de grao. Tanto así como está enfocado como dándolle unha visión diferente.

Tamén serviría, a parte dos medios de comunicación, para outras materias desta carreira. Así como tamén considero que como estudo sobre a situación da muller no medio rural, que ao igual que noutros contextos é tamén de inferioridade con respecto ao home, serviría como una aportación para a sociedade xa que moitas veces falamos da inferioridade da muller sen coñecer datos ou opinións das propias implicadas.

Debido á escaseza de tempo e de medios, esta investigación quedou na superficie pero penso que tratado en mais profundidade podería ser un tema moi interesante e moi proveitoso para coñecer ben cal foi o papel da muller rural e como evolucionou ata chegar ao que é hoxe en día.

2.1. Aproveitamento individual do traballo

Este traballo dende o primeiro momento chamoume a atención, pois ter que investigar sobre un asunto que afecta a moitas familiares e coñecidas espertaba en min interese.

Grazas a este traballo aprendín as relacións que se dan dentro dunha asociación. Nunha organización, sexa do tipo que sexa, pode haber de todo. No caso do Sindicato Labrego Galego, hai persoas que teñen un perfil non tanto de traballo colectivo e tampouco teñen tan presente valores de igualdade como na sociedade mesma. Respecto á secretaria xeral do Sindicato, Isabel Vilalba, non cre nas xerarquías senón nos procesos colectivos; intenta sempre tomar as decisións de maneira colectiva, en grupo e tendo en conta as circunstancias. Grazas ás conversas que tivemos cos distintos traballadores do Sindicato labrego (Isabel, Lara Barros Alfaro, Xosé García Rodríguez...) sacamos unha visión moi positiva do seu traballo.

Neste cometido tamén puiden comprobar o urxente que é a aprobación da Lei de titularidade compartida en explotacións, coa que se pretende que as mulleres teñan o mesmo estatus xurídico que os titulares das explotacións. É necesario reivindicar a igualdade de xénero como un factor de progreso para o mundo rural.

No análise de programas e revistas agrarias, vin cos meus propios ollos o pouco protagonismo que se lles concede ás mulleres labregas. Nestes medios de comunicación, a presenza das mulleres é insignificante, tanto en texto como en imaxes e publicidade. A conclusión que saquei disto é que os propios medios agrarios contribúen a reforzar as desigualdades de xénero existentes no medio rural.

Logo, xa centrándome na imaxe da agricultura, en cómo ve a cidadanía aos agricultores, descubrín que na maioría dos casos, non é a agricultura en si a que se cuestiona, senón certos aspectos da produción, especialmente a gandaría, os transxénicos, a protección das plantas e a fertilización. No referido á impresión que os agricultores teñen da súa imaxe social é globalmente negativa debido a que os medios de comunicación se apoderan regularmente de escándalos relacionados coa agricultura. Hai que ter en conta que en materia de alimentación, o medo vende.

Por último, respecto ás lecturas que nos pasaches tanto na clase como por gmail, servíronme para aprender novos conceptos até o de agora descoñecidos e, tamén, para esclarecer os que pensaba que xa coñecía como comunicación interpersoal e comunicación comunitaria. No referido ás lecturas escollidas por cada membro do GT, eu lin *“La objetividad como ritual estratégico”* de Gaye

Tuchman mais *“Los cínicos no sirven para este oficio”* de Ryszard Kapuscinski. Realmente, creo que fixen unha boa escolla, pois parecéronme lecturas moi interesantes coas cales me dei conta dalgún que outro aspecto antes pasado por alto como:

- Os xornalistas dan por sentadas certas cousas debido ás experiencias con determinadas organizacións mais porque se todo tivese que ser posto en cuestión chegaríamos a absurdos.
- Un xornalista, entrevistando a unha persoa, pode poñer na noticia a súa opinión pero en palabras do entrevistado, pasando isto totalmente desapercibido para o lector.
- Cando o xornalista estrutura a información nunha noticia, xa non está sendo obxectivo, pois desta maneira a importancia da información depende da opinión do xornalista.

Respecto á visualización de *“La dignidad de los nadie”* de Fernando Ezequiel Solanas, puiden relacionala perfectamente co noso traballo. Neste filme, nun momento determinado, podemos ver o valor e a coraxe que toman as mulleres labregas para defender o seu, acabando desta maneira con diversos prexuízos que se lle atribúen ás mulleres. O noso traballo fixémoslo dende o principio pensando nese fin: en que as mulleres merecen moito máis e isto haino que facer ver.

2.2. Aportacións individuais

No momento de organizar o esquema para a realización do traballo, eu fun a que puxo moito interese na análise de medios de comunicación, pois consideraba que íamos sacar grandes conclusións tras esa análise. E así foi; puidemos comprobar o que xa esperabamos: o protagonismo dos homes labregos fronte a invisibilidade das mulleres labregas.

Grazas a este traballo lin, por primeira vez, revistas agrarias, e teño que dicir que me pareceron interesantes.

Pola parte que me corresponde, estou contenta co traballo realizado. Considero que cumprimos os obxectivos e, polo tanto, estou satisfeita. Se tivéramos máis tempo, seguiríamos conversando coas mulleres labregas para que nos contasen as súas historias, as súas experiencias, a súa opinión sobre o tema tratado neste traballo.

2.3. Actividades realizadas

Como ben se pode apreciar nos meus post, afondei na problemática da muller labrega en pleno século XXI, na análise de programas e revistas agrarias e na imaxe da agricultura (cómo ve a cidadanía aos agricultores). Para ser máis concretos, busquei información sobre os programas televisivos agrarios que podían ser de interese para nós, e logo, as compañeiras encargáronse de analizalos. No caso das revistas, encargueime eu mesma de buscar revistas e de analizalas. Concretamente, ocupeime das revistas *A terra* e *Campo y Mecánica*.

Por outra banda, podo dicir que participei en tódolos exercicios que vostede encargou, tanto dentro da aula como fóra.

Respecto ao blog, fun publicando os post individuais sempre nas horas permitidas e, o mesmo fixen cos comentarios a outros grupos. Logo, tamén respondín aos comentarios dos compañeiros nos meus post tan pronto como se nos informou dese cometido.

No blog, comenteille aos dous grupos cos que amañamos: o de álbums familiares e o da muller rockera. Un terceiro grupo ao que seguín bastante de preto foi ao que tratou o tema dos scouts, pois pareceume un tema interesante.

2.4. Posibles aplicacións no futuro

Como ben dixen anteriormente, considero que este traballo é un asunto que aquí en Galicia está moi presente debido ás características históricas desta comunidade. Dende os vellos tempos, as actividades englobadas no sector primario foron as predominantes na economía galega cunha cuantiosa importancia do autoconsumo e o reemprego. Nas zonas costeiras pescaban e no interior traballaban a terra. Agora, os tempos foron cambiando... É por iso que as mulleres labregas precisan máis que nunca o apoio institucional e cidadán para ser recoñecidas profesionalmente. Debemos ter claro que non haberá futuro para o rural se a igualdade de xénero non se acompaña dunhas políticas de desenvolvemento que impidan que os habitantes das aldeas e vilas de Galicia sexan considerados cidadáns de segunda.

Unha vez dito isto, estimo que este traballo sería unha boa aportación tanto para a sociedade como para determinados movementos ou grupos. Considero que faría reflexionar a moitos galegos e galegas, sobre todo.

Dende o meu punto de vista, coa axuda do Sindicato Labrego Galego poderíase seguir desenvolvendo este traballo e lograr, con el, igualdade para as mulleres labregas.

2.1. Aproveitamento individual do traballo

Eu crieime no campo e vivo nunha aldea, pero como meus pais nunca se dedicaron a agricultura nunca me parará a reparar de cerca nas diferenzas que se establecen entre o home e a muller da agricultura. Unas desigualdades a que os medios de comunicación contribúen porque fan unha separación entre os papeis de ambos sexos. O principal problema que descubrín foi que a muller labrega en Galicia non se lle recoñecen os seus dereitos. O habitual é que o titular sexa o home, e ela se encontre nun baleiro legal. Isto dá lugar a que nun proceso de separación as mulleres non teñen un recoñecemento da participación que tiveron. Mesmo ata se lles cuestiona que teñan actividade laboral, que sexan traballadoras xa que unha gran parte non está dada de alta na seguridade social. É sorprendente que isto pase nun país desenvolvido e en pleno século XXI, algo que nos parece tan arraigado dáse aquí e temos tan asimilado que o rol masculino é o de levar a maquinaria do campo e a xerencia, que non dos damos conta.

Por outra banda, aprendín máis a fondo o que significa o concepto comunicación, algo que parece tan simple ten moitas complicacións, xa que non é o mesmo transmitir información que comunicar. Hai que superar os espazos e o tempo para conseguilo, é fundamental a interatuación.

A película Unha onda no ar achegoume o que é a comunicación comunitaria. O filme desenvólvese nun territorio local con unha radio feita para os cidadáns das favelas, pero que acadou cada vez máis oíntes e máis cobertura grazas aos transmisores. Dáse un xornalismo comunitario que atende aos problemas raciais e de drogas que se producen nos barrios pobres de Brasil.

“Los imaginarios sociales en la comunicación interpersonal” por Salvador Moreno afondou nos meus coñecementos acerca da comunicación interpersonal entre as persoas e como esta se ve afectada por estereotipos sociais e culturais.

No ensaio de “Que es la crítica?”, a autora, Judith Bluter, mostra a visión da crítica de Foucault como unha virtude. A crítica vista máis alá de mostrar coñecementos acerca de algo, percibida como un modo de romper coa obediencia absoluta, co estándar, co establecido.

En canto as capacidades conseguidas, esta materia mellorou a miña capacidade de reacción ante os traballos xa que se expuña un tema na clase e tiñamos que presentalo en pouco tempo ou debater acerca de el, é dicir, había que sacar rapidamente todos os coñecementos que tiñamos e destreza e fluidez para convencer ao público. Por outra banda tamén axudou a superar a barreira de entrevistar alguén xa que para conseguir información tivemos que

acudir a moitas fontes, polo que o de ter vergonza ou que o faga outro non funcionaba.

2.2. Aportacións individuais

Empezamos case de cero sen saber moito acerca das desigualdades no rural, polo que a aportación máis salientable foi vivir nunha aldea e ter máis preto as protagonistas dos feitos para poder contactar con elas. Ademais como algunhas persoas coas que falei eran xente coñecida pois a comunicación con esas persoas sempre é máis fácil xa que hai confianza e proximidade, polo que che conta sen reparos os problemas que elas ven. Deste xeito xa non se trata dunha entrevista, senón dunha conversa.

En canto o traballo como grupo, creo que podíamos mellorar a atención do traballo xa que ao ter máis materias, ás veces, descoidabamos pornos en contacto con mais xente ou recadar información, polo que nos viamos pilladas de tempo. Tamén podíamos haber centrado máis os medios de comunicación que iamos analizar, xa que podíamos concretar un pouco máis. Malia estas minucias, considero que nos organizamos ben e fixemos un traballo conxunto sen deixar que ninguén dos integrantes se tivese que enfrontar só a facer un post individual sen ter información.

2.3. Actividades realizadas

A entrevista que lle realicei a Xosé García Rodríguez foi unha gran experiencia, xa que me mostrou a súa capacidade e forza de bondade para montar un xornal el só dende o seu domicilio, sen contar con axudas estatais. El encárgase do deseño, a maquetación, fotografías etc. Só ten a axuda puntual para realizar algún deseño ou fotografía e o que se refire aos artigos de opinión. Ademais o principal obxectivo do xornal e mostrar as demandas e as reivindicacións do rural.

É un gran exemplo de iniciativa propia que conseguiu chegar a o Sindicato Labrego de Galicia e o principal é que lle dá voz ao pobo rural.

A asistencia ao Foro da Comunicación en Ourense permitíume decantarme polo tema da muller, xa que unha conferencia deste evento trataba o papel das mulleres nos medios e fíxome dar de conta de como subliminarmente fan unha separación entre os sexos.

Para achegarlle información mediante comentarios no blog a outros grupos tiven que buscar información. No caso do grupo que trata a muller na música púxenme a investigar o papel da muller galega no rock.

2.4. Posibles aplicacións no futuro

Este traballo é de gran utilidade en proxectos futuros xa que mostra a situación da muller do campo no século XXI. A parte do rol da muller labrega nun traballo de fin de grado sobre o papel das mulleres nos medios de comunicación quedaría completada grazas a información que recadamos. Incluso se podería realizar sobre a muller labrega de Galicia, tratando máis a fondo cada un dos impedimentos cos que se atopa para estar ao mesmo nivel que o home.

Tamén podería ser empregado en outras materias de xornalismo, como en xéneros de información para facer unha reportaxe sobre as mulleres labregas. En outra materia como documentación serviría para investigar a fondo o número de mulleres labregas que hai en Galicia e realmente cales están dadas de alta na seguridade social, é dicir, cantas constan como empregadas.

Toda a información que recadamos e analizamos ten un gran valor para a sociedade, coa colaboración de todos podemos cambiar esta situación e conseguir unha igualdade laboral entre ambos sexos e non só no mundo rural, senón en todos os ámbitos. Sindicatos, como co que traballamos, loitan contra isto tendo o mesmo número de homes e mulleres traballando. É todo un exemplo a seguir; e a publicación que fixemos da súa organización e comunicación interna poderían servir de reflexión a outras institucións ou negocios.

2.1. Aproveitamento individual do traballo

Aínda que son unha moza que viviu toda a vida no rural, a raíz de este traballo puiden coñecer máis de preto unha situación que levaba observando toda a miña vida. O traballo das mulleres no agro sempre foi moito, e aínda que isto fose e sexa así, non se acaba de darlle todo o recoñecemento que se merece. Foi por iso que quixemos emprender este traballo para poder facer un pouco máis visible este apartado e chegar a afondar nas consecuencias e nas causas que había nisto, e se era posible, chegar a unha posible solución. Pola miña parte teño que admitir que estou bastante contenta con todo o traballo que realizamos, pois tanto as entrevistas como a análise de programas foi interesante e aportounos a información que precisabamos para acabar de determinar e delimitar o tema.

Ademais, isto permitiu coller confianza á hora de dirixirme a persoas descoñecidas e realizar entrevistas, pois non o fixera de maneira tan continuada. Desta maneira, a partir de agora, a miña comunicación cara o exterior será mellor e permitírame un mellor entendemento coa sociedade. Coñecín de maneira máis profunda a cantidade de revistas e programas agrarios moi interesantes e que me pasaban totalmente desapercibidos e puiden dar conta tamén do interese da xente, neste caso os meus compañeiros, de cara ó tema.

No referente as lecturas, algunhas delas parecéronme máis interesantes que outras. *Stories we tell* pareceume a mellor de todas, e aínda que até o momento de vela era totalmente descoñecida para min, aportoume moitas cousas que me permitiron afondar de outra maneira tanto no traballo como nas miñas relacións persoais: a comunicación, a boa comunicación é imprescindible en todos os eidos nos que nos movamos.

2.2. Aportacións individuais

Creo que ó vivir no medio rural, a miña aportación fundamental para o traballo foi poder contactar con mulleres rurais para falar sobre o tema e sobre a situación actual. Ademais, atopar revistas a través dun amigo gandeiro, que nos serviron para analizar e facer parte de ese tratamento por parte dos medios de comunicación. Aínda que todo isto que digo, foi moi doado de conseguir debido ó fácil acceso as fontes, considero que foi parte fundamental para o desenvolvemento do traballo. As miñas condicións, polo tanto, favoreceron a unha fácil obtención de material e información.

Seguramente se lle pode dar outro enfoque distinto, ou consensuar para conseguir unha mellor comunicación, aínda así creo que os dous camiños que o noso grupo tomou para levar a cabo este traballo foron os correctos e en todo

momento estivemos de acordo de que estas eran as pautas que tiñamos que seguir.

2.3. Actividades realizadas

Como dixen anteriormente, tiveron contacto con mulleres rurais, polo que dúas das tres entrevistas feitas a este sector da sociedade foron realizadas por min; iso si, sempre baixo a opinión e un acordo previo coas demais membros do grupo sobre que preguntas e que temas poderíamos tratar con elas.

Tamén pescudei revistas agrarias e encargueime do visionado de algún que outro programa agrario para o seu posterior análise.

Tamén, co resto das miñas compañeiras, acudín o mercado *entre lusco e fusco*, para ver cal era o ambiente nun mercado tradicional e de comida ecolóxica, e así tamén observar o traballo das mulleres de cara ó público.

Na aula tamén participei en todos os debates que se deron, algunhas veces de maneira máis intensa: cando foron os debates das lecturas recomendadas, pois eramos menos e a participación daquela podía ser máis. Pero tamén naqueles nos que estabamos todos xuntos, nalgunha que outra pregunta ou na preparación de algunha actividade que realizamos.

As actividades que realizamos na aula tamén foron parte da miña aportación, tanto para o traballo en grupo como para a materia, pois axudei a levar a cabo os diferentes exercicios encomendados polo profesor.

2.4. Posibles aplicacións no futuro

O noso traballo si creo que se podería desenvolver en traballos posteriores xa que trata a problemática e a visibilidade dun sector da sociedade nos medios de comunicación. Ademais, a muller sempre estivo nunha situación de inferioridade no referente o tratamento que se lle da con respecto o home, e a mentalidade vixente durante bastante anos na sociedade tamén foi pexorativa para ela. É así, que considero que este traballo sería de axuda a sociedade, mostrando o que analizamos. Con entrevistas e cun análise documental aínda en máis profundidade para dar conta da situación até o de agora e de todo o que se podería mellorar nun futuro; serían as claves determinantes para posibles explotacións do tema no futuro

Ademais de todo o que fixemos nós, creo que se podería desenvolver un traballo máis profundo con xornadas de divulgación, quedadas con xente do rural e de entornos agrarios que estivese interesada polo tema, coloquios.... é dicir, seguir afondando no tema pero dende unha perspectiva máis social e máis dinámica que de voz a sociedade e non só se centre na documentación e no análise. Ó fin e o cabo, unha comunicación comunitaria que de voz a todos e poida formular o tema dende outra perspectiva diferente á tradicional.